

BANDO

**DON FERNANDO SUÁREZ BARCIA, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO**

FAI SABER

Que o domingo día 7 de maio vaise celebrar en Ribadeo a “**II Heroican Race**” carreira de obstáculos que percorrerá diversas rúas do Concello. Desde as 00:00 horas e ata o remate da proba (ás 15:00 horas aproximadamente), varias rúas permanecerán cortadas ao tráfico, agás por emerxencias. As rúas afectadas son o entorno da Praza de España (onde terá lugar a saída e a meta), a Rúa Buenos Aires e o Paseo Marítimo Alfonso Rodríguez Castelao.

Aínda que a sinalización e aviso de cortes corresponde á propia organización do evento, Be One, que a debe facer con antelación suficiente, cremos oportuno desde o Concello de Ribadeo avisar de ditas restricións ao tráfico rodado

Prégase consideración e colaboración para o bo funcionamento dunha proba que con toda seguridade traerá máis de 1.500 persoas a Ribadeo. Os cortes realizaranse coa maior brevidade e ocasionando as menores molestias posibles.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ribadeo, a data da sinatura electrónica.

O ALCALDE,

Asdo.: Fernando Suárez Barcia

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE